



Concello da Baña (P1500700H)

NÚM. EXP.: 2023/201.

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MELLORA DO ENTORNO DA IGREXA DE SAN PEDRO DE FIOPIÁNS, NO CONCELLO DA BAÑA - A CORUÑA.

ANTECEDENTES

- O Concello da Baña solicitou autorización para a realización de obras coas que se pretende a mellora da contorna da Igrexa Parroquial de San Pedro de Fiopiáns, nunha superficie total de 1200 m², mediante a pavimentación dos acceso e o entorno con formigón desactivado, franxas de adoquín de granito e zonas verdes de 50 cm. no encontro cos muros e co límite do terreo. Con carácter previo acondicionárase a superficie e para unha correcta drenaxe realizárase a canalización de pluviais mediante tubaxe de polipropileno corrugado, pozos de rexistro e canle de fundición dúctil no fronte do recinto da igrexa e no acceso superior dende a estrada.

Estas labores atópanse dentro do contorno de protección dos seguinte elemento catalogados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural: Igrexa de Fiopiáns (Parroquial San Pedro)(AR-10), Casa reitoral de Fiopiáns (AC-13) e Cruceiro (CR-8).

 - Igrexa de Fiopiáns (Parroquial San Pedro)(AR-10): As labores proxectadas lindan co recinto onde se atopa o elemento catalogado.
 - Casa reitoral de Fiopiáns (AC-13): As labores proxectadas lindan co recinto onde se atopa o elemento catalogado.
 - Cruceiro (CR-8): As labores proxectadas lindan co elemento catalogado.

Xunto coa solicitude achegáronse as fichas dos elementos catalogados e os planos detallados das actuacións que se pretenden realizar.
- O día 19 de setembro de 2023 presentan, no rexistro xeral dixital da Xunta de Galicia, un documento redactado en agosto de 2023, polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Pablo Blanco Ferreiro coa finalidade de solicitar permiso ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para poder levar a cabo as obras solicitadas, que consisten na mellora da contorna da Igrexa Parroquial de San Pedro de Fiopiáns, nunha superficie total de 1200 m², mediante a pavimentación dos acceso e o entorno con formigón desactivado, franxas de adoquín de granito e zonas verdes de 50 cm. no encontro cos muros e co límite do terreo. Con carácter previo acondicionárase a superficie e para unha correcta drenaxe realizárase a canalización de pluviais mediante tubaxe de polipropileno corrugado, pozos de rexistro e canle de fundición dúctil no fronte do recinto da igrexa e no acceso superior dende a estrada.
- A Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, órgano asesor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en materia de patrimonio cultural, reunida en sesión ordinaria o día 19 de novembro de 2023, despois de ter vistos os informes dos servizos técnicos, acordou informar que en termos xerais non semellan producirse afeccións negativas sobre a igrexa e a casa reitoral, non obstante o anterior deberá detallarse a escala axeitada a intervención no contorno inmediato do cruceiro, que deberá ser unha intervención que o respecte e o poña en valor.



Tendo en conta o anterior, informase de xeito favorable a realización das obras solicitadas coas seguintes condicións:

- deberá presentarse un proxecto de control arqueolóxico das obras autorizadas, de acordo co Decreto 199/1997 do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- A aparición de restos arqueolóxicos no transcurso da execución do proxecto deberá ser comunicada a este servizo, e suporá a paralización da intervención e a determinación da actuación arqueolóxica máis idónea a seguir.
- As obras non poderán empezar en tanto non sexa autorizado o proxecto de control arqueolóxico.
- Á vista dos resultados da actuación arqueolóxica, poderán modificarse as condicións da autorización das obras.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 2 Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español.
- 3 Convenio de colaboración entre a Igrexa Católica e a Xunta de Galicia de 5 de xuño de 1985, para a conservación e fomento do patrimonio artístico e documental da Igrexa Católica en Galicia.
- 4 Decreto 84/2017, do 3 de agosto, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia - Igrexa Católica.
- 5 A lexislación vixente sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude do DECRETO 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

RESOLVO

Autorizar a intervención solicitada tendo en conta todo o que se recolle no informe da subcomisión mixta de data 19 de outubro de 2023, especialmente o relativo á intervención arqueolóxica que se transcribe no apartado tres dos antecedentes deste mesmo escrito.

Esta resolución emítese dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, sen prexuízo dos dereitos de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, autonómica ou calquera outros que fosen necesarios para a realización das obras recollidas nela.

Notifíquese esta resolución aos interesados no procedemento, en cumprimento, e para os efectos previstos no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, que se contará dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 26.3.c da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Santiago de Compostela
Asdo. A Directora Xeral do Patrimonio Cultural.
M^a Carmen Martínez Insua.
(Asinado dixitalmente ao marxe.)

Asinado por: MARIA CARMEN MARTINEZ INSUA
Cargo: Directora Xeral do Patrimonio Cultural
Data e hora: 21/06/2024 12:32:34

